



NAS
NOSAS

MANS

Ola a todos e todas,

Unha vez máis tráiovos unha nova proposta para realizar nos vosos fogares, seguindo coa temática do mar.

Desta vez, preciso que botedes man das vosas grandes habilidades coas mans, e utilizando diferentes materiais e técnicas plásticas, xa que imos a traer o mar as nosas casas. Espero que disfrutedes desta inmersión ao fondo do mar!!

1.- O MAR NUNHA BOTELLA



Materiais:

- 1 botella de cristal ou plástico con tapón
- Animais mariños (peixes, estrelas...) en cartolina
- Auga
- Colorante alimenticio de cor azul
- Pedriñas, cunchas...

Desenrolo:

Enchemos a botella pola metade con auga e botámoslle o colorante azul. A continuación, se queremos que aparezan elementos mariños no fondo, podemos engadir pedriñas ou cunchas que teñamos e pechamos a botella.

Para decorar a botella, podemos pegarlle por fora coma se estivesen nadando no mar, peixiños, estrelas, algas... e todos os animais mariños que queiramos.

2.- UNHA AUGAMAR NA MIÑA BOTELLA

Materiais:

- 1 bolsa de plástico transparente
- 1 botella de cristal ou plástico con tapón
- Fío
- Auga
- Colorante alimenticio de cor azul
- Tesoiras



Desenrolo:



Comezamos estirando ben a bolsa e cortándolle as asas e a parte inferior (ver foto 1). Logo, continuamos cortando ao longo de ambos lados (ver foto 2), e así dividírase en dúas follas de plástico, das cales só empregaremos unha.

A continuación, tomamos o centro da lámina de plástico, pregámolo coma un globo pequeno para facer a parte da cabeza e átaloo co fío sen apertalo demasiado (ver foto 3), deixando un pequeno burato para verter un pouco de auga na parte da cabeza (ver cadro 7-8).

Unha vez temos a parte do globo que é a cabeza, o resto serán os seus tentáculos. Corta dende o bordo ata a parte da cabeza aproximadamente, e obterás uns 8-10 tentáculos (ver figura 4) e, en cada un deles, corta de novo 3-4 pequenas tiras (ver foto 5). Recorta ao azar os tentáculos de maneira que uns sexan máis longos e outros máis curtos (ver foto 6).



Agora poñemos un pouco de auga na parte da cabeza para que poida afundirse (ver foto 7), deixando un pouco de aire no seu interior para que a augamar sexa capaz de flotar cara arriba (ver foto 8).

Enche a túa botella de auga (ver foto 9), e pon a túa medusa na botella cunhas gotas de colorante azul. Pecha ben a tapa e a desfrutar coa augamar.

3.- SMILE CASEIRO



Non vos gustaría manipular o mar coas vosas mans, sen que se escorrese a auga salada entre os dedos? Pois xa é posible con esta masa caseira, e moi divertida. Aquí vos deixo dúas formas diferentes para facela.

Materials:

Receta con champú

- 1/2 de champú
- 1/4 de maicena
- 3 gotas de colorante alimentario (opcional)
- 5/6 culleradas de auga

Desenrolo:

Pon nun bol o champú e a maicena, e mestúraos ben ata formar unha pasta homoxénea. Agora engade o colorante alimentario para darlle a cor desexada, e engade 1 cullerada de auga e remove. A continuación, vai engadindo o resto da auga pouco a pouco e removendo á vez, ata que a masa este lista.

Receta con crema de afeitar

- 3 cucharadas de champú
- 3 cucharadas de crema de afeitar
- 3 gotas de colorante alimentario (opcional)
- 1 culleriña de sal

Desenrolo:


Pon nun bol o champú e a crema de afeitar, e mestúraos ben ata formar unha pasta homoxénea. Agora engade o sal e o colorante alimentario, e volve remover todo. Méteo no conxelador 10-15 minutos, e a masa xa estará lista.

4.- TORNADO MARIÑO

Materials:

- 2 botellas de plástico grandes
- Fita adhesiva ancha
- Auga
- Colorante alimenticio de cor azul





-Tesoiras

-1 barrena ou outra ferramenta similar para facer uns buracos nos tapóns das botellas

Desenrolo:

Comezamos facendo un buraco no centro dos tapóns das botellas de entre 0,5-1 cm de diámetro.

Botamos agora auga nunha das botellas, ata que estea case chea, e enroscamos os tapóns a ambas botellas.

A continuación, colocamos a botella baleira enriba da que ten auga, tendo coidado que coincidan ambas buracos dos tapóns, e logo para que non se movan suxéitaos con fita adhesiva ao arredor.

Agora darémoslle a volta ás botellas, de xeito que quede a que ten auga por enriba da baleira, e será entón cando a auga irá caendo pouco a pouco á vez que forma burbullas, e este fenómeno marcará o intre no que deberás comezar a crear o tornado. Para xerar o tornado, terás que mover a botella con auga en círculos, ata que na rotación se cree un tornado por si só mentres a auga baixa a outra botella.